



Memoria das actividades de dinamización Lingüística e Cultural

***Equipo de Normalización e
Dinamización Lingüística***

IES Melide

Curso escolar 2008-2009



MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL 2008-2009

O presente informe tenta ser unha recolleita, cunha finalidade avaliadora, das actividades máis importantes postas en marcha polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Melide ao longo do curso escolar 2008-09.

A descrición das actividades faise respectando a estruturación do Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural do Centro elaborado a comezos do curso, que clasificaba estas iniciativas antes polo seu momento de realización que por estaren ou non supeditadas a cada un dos obxectivos propostos no Proxecto.

Realízase, en primeiro termo, unha valoración das actividades realizadas –ou non realizadas, se é do caso- para despois levar a cabo unha valoración global do nivel de consecución dos obxectivos marcados.

1. Sobre as actividades.

Ofrécese, a continuación, a relación de actividades deseñadas a principio de curso para o ano académico 2008-2009, unha relación deseñada para a consecución, total ou parcial dos obxectivos definidos no Proxecto. A polivalencia, no tocante ao seu protagonismo na consecución de dous ou máis obxectivos, da inmensa maioría das actividades que se detallan, desaconsellaron o seu agrupamento baixo o epígrafe dun obxectivo en particular. Desta maneira, a relación de actividades ofrécese, simplemente, temporalizada, cunha valoración concisa do seu grao de realización.

PROFESOR/A RESPONSABLE	TAREFA	MOMENTO	GRAO DE REALIZACIÓN
	Pescuda e selección de documentación sobre estudos do conflito lingüístico en diversas sociedades e sobre o papel do ensino nesta problemática.	Todo o curso	A Biblioteca do Centro conta cunha sección exclusiva para este tipo de documentación, igual que o despacho que serve de sede ao propio ENDL.
	Coordinación cos outros ENDL da vila e da comarca.	Todo o curso	O Servizo de Normalización Lingüística da Terra de Melide tivo un impulso importante durante o curso que remata, cunha tamén importante batería de actividades programadas, en parte xa realizadas.
	Incremento, nos seus fondos, da Biblioteca de Normalización do Centro.	Todo o curso	A Biblioteca do Centro conta cunha sección exclusiva para este tipo de documentación, que se viu modestamente incrementado durante este curso.
	Subscrición a publicacións periódicas impresas en lingua galega.	Todo o curso	Foi realizada a subscrición a dúas publicacións periódicas durante o presente curso.
	Invitación ás organizacións que teñen como obxectivo promover a normalización do idioma para levar a cabo as súas previsibles campañas tamén no Centro.	Todo o curso	En diferentes ocasións ao longo do curso distribuíuse material procedente deste tipo de entidades.
	Publicación de dous números de <i>Intres</i> , voceiro do centro con máis dun cuarto de século de vida ininterrompida.	Todo o curso	Publicouse un só número, por segunda vez desde que o propio voceiro existe.
	Xestión de FALAMELIDE, emisora de radio do Centro, tratando de lograr unha emisión semanal de sesenta minutos.	Todo o curso	Realizáronse un total de 21 emisións periódicas ao longo do ano, de unha hora e media de duración aproximada cada unha delas. Os programas realizados foron de todo tipo, intervindo uns 150 alumnos/as en total. As emisións foron realizadas tamén pola radio municipal de Melide.
	Xestión do TABOLEIRO DA LINGUA, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua.	Todo o curso	O taboleiro estivo durante todo o curso absolutamente actualizado.
	Xestión do taboleiro PORTUGAL, TAN PERTO E TAN LONXE, para tentar achegar a realidade portuguesa.	Todo o curso	Id.
	Xestión do taboleiro MÚSICA DE AQUÍ, DE AGORA, coa intención de divulgar a música feita en Galiza.	Todo o curso	Id.
	Xestión do taboleiro VAL DO XÁLIMA, coa finalidade de dar a coñecer a realidade	Todo o curso	Id.

	cultural e lingüística desta zona estremeña na que se fala galego e que mantén unha relación estreita coa Terra de Melide.		
	Promoción, cando menos, da galeguización das probas de avaliación que deben realizar os alumnos e alumnas nas distintas materias.	Todo o curso	Realizouse a reimpresión dun modelo de "follas de exame" que foron usados por practicamente todos os Departamentos Didácticos do Centro.
	Publicación dun boletín periódico –cando a actualidade o demande- de divulgación <i>técnica</i> –datos sobre a realidade lingüística, normativa lingüística...- baixo a cabeceira A LINGUA GALEGA, LINGUA DE FUTURO.	Todo o curso	Publicouse un número do boletín, en formato power-point, coincidindo coa publicación do último volume do MSG.
	Publicación de DÁLLE Á LINGUA, periódico trimestral que recolle as novidades da problemática lingüística no contorno circundante e en todo o país.	Todo o curso	Publicáronse dous números do DÁLLE Á LINGUA.
	Divulgación da información sobre os nomes dos habitáculos do edificio, a través da colocación de paneis informativos en cada un deles.	Todo o curso	A actividade foi desenvolvida parcialmente nunha segunda fase.
	Difusión dos xogos populares e tradicionais galegos, creación cultural e característica do noso pobo, e fomento da súa utilización, no ámbito educativo, como elemento didáctico que pode contribuir á identificación dos rapaces e rapazas galegos coa cultura propia.	Todo o curso	Déronse pasos importantes no proxecto, como o re-pintado das <i>canchas</i> de xogo. Participouse en actividades no exterior, particularmente no IV Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais
	Dotación mínima, a cargo do propio orzamento do ENDL, para cada un dos Departamentos do Centro co obxectivo de realizar adquisicións de materiais en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados nas aulas das distintas materias do currículo.	Todo o curso	Actividade desenvolvida.
	Colaboración estreita coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e alumnas que retornen da emigración, así como dos inmigrantes.	Todo o curso	Actividade só bosquexada, que deu algúns tímidos pasos.

	Establecemento das canles que permitan unha colaboración estreita coa Asociación de Alumnado <i>Espertar dos Estudantes de Melide</i> e coa ANPA <i>Terra de Melide</i> na cuestión lingüística.	Todo o curso	Existiron os contactos e mesmo se concretaron nalgunha acción específica, con colaboración estreita.
	Distribución dun almanaque mensual de aula que recolla datas significativas para o idioma e/ou a cultura do noso país e da comarca.	Todo o curso	Actividade desenvolvida.
	Continuación da elaboración do enlace correspondente da páxina web do centro reservado ao ENDL.	Todo o curso	Actividade desenvolvida.
	Establecemento de relacións cos Concellos do Val do Xálama, para valorar as posibilidades de realizar intercambios (alumnado, profesorado, internet).	Todo o curso	Actividade non realizada.
	Realización de dous intercambios con alumnado do IES "Pedra da Auga", de Ribadeo, e do IES "Rosalía de Castro", de Santiago.	Todo o curso	O intercambio realizouse co IES "Pedra da Auga", non así con Santiago.
	Realización dun estudo sobre os nomes do alumnado do centro. Coordinación co ENDL Comarcal para o desenvolvemento dunha campaña sobre os nomes.	Todo o curso	Actividade practicamente rematada que verá a súa concreción final no mes de setembro-outubro, coa publicación dun volume sobre o tema desde o SNL Terra de Melide.
	Proposta dunha liña de traballo co departamento correspondente do Concello de Melide para a elaboración dun rueiro da vila de Melide que inclúa unha pequena explicación da razón de ser do nome das rúas.	Todo o curso	Actividade só bosquexada.
	Inicio da campaña que conflúa na galeguización das cartas dos restaurantes da comarca.	Todo o curso	Actividade só bosquexada.
	Desenvolvemento, na súa segunda fase, do proxecto <i>Falamelide TV</i> .	Todo o curso	<i>Falamelide TV</i> emitiu realmente durante todo o curso escolar todo tipo de producións, desde video-clips ata montaxes power-point sobre os máis variados temas, pasando por pequenas montaxes de interese, directamente tiradas de internet. Trátase dun proxecto con moitas posibilidades no futuro.
	Xestión dos grupos de teatro do centro	Todo o curso	Con notable éxito, co alumnado dos niveis máis baixos.
	Deseño dunha liña de traballo en coordinación co	Todo o curso	Actividade só bosquexada, á espera de concretala en vindeiros

	Departamento de Orientación do Centro que procure a galeguización das actividades persoais dos alumnos e alumnas, tales como o tempo de estudo persoal na casa, a elaboración de traballos, etc.		cursos.
	Edición dun boletín periódico do Ciclo de Madeira dirixido a toda a comunidade educativa.	Todo o curso	Actividade bosquexada, pero non concretada.
	Cinefórum	Todo o curso	Actividade suspendida, agás momentos puntuais, no presente curso escolar.
	Motivación da participación do alumnado adulto nas actividades do ENDL	Todo o curso	Actividade satisfactoriamente concretada en momentos puntuais.
	Estratexias de conexión das actividades relacionadas coas linguas estranxeiras coas actividades do ENDL	Todo o curso	Actividade satisfactoriamente concretada en proxectos concretos ao longo do curso.
	Edición dun almanaque do curso escolar.	1º trimestre	Actividade desenvolvida.
	Divulgación, dirixida aos catro sectores da comunidade educativa, das actividades e das liñas de actuación propostas desde o ENDL, tratando de integrar nelas á maior cantidade de persoas posible.	1º trimestre	Actividade desenvolvida con receptividade nos diferentes sectores.
	Convocatoria dunha sesión dirixida aos pais e nais, en colaboración coa ANPA <i>Terra de Melide</i> , coa finalidade de poñer en común a nova normativa referida ao uso do idioma no ensino, así como ao momento que vive o conflito lingüístico en Galiza, en xeral.	1º trimestre	Actividade non realizada, por decisión (estratéxica) da propia ANPA.
	Ofrecemento de apoio ao profesorado, por parte do ENDL, en relación co proceso de normalización da docencia.	1º trimestre	Iniciativa posta en marcha, con escasa concreción práctica.
	Organización dun certame de teatro con obras orixinais, das que serán os autores-actores os propios alumnos e alumnas do centro. A convocatoria realizarase no primeiro trimestre, fixándose como remate do prazo de presentación -e representación- das obras o terceiro trimestre.	1º trimestre	Actividade realizada, pero sen grande éxito.
	Convocatoria dun concurso	1º trimestre	Actividade desenvolvida con

	de cuñas radiofónicas coa finalidade de achegar a emisora de radio do centro, FALAMELIDE, ao alumnado e viceversa.		resultados moi satisfactorios.
	Convocatoria dun concurso de deseño de adhesivos para publicitar as emisións de Falamelide, a radio do centro.	1º trimestre	Actividade desenvolvida con notable éxito.
	Realización de recolleitas de literatura popular.	1º trimestre	Actividade desenvolvida nos niveis máis baixos.
	Organización do concurso <i>Á busca da parvallada</i> , consistente en que os participantes investiguen en calquera tipo de medios de transmisión de información, os erros máis salientables desde o punto de vista da toponimia e antroponimia galegas, recollendo testemuña mediante calquera medio -fotocopia, fotografía, diapositiva, vídeo...- para a súa posterior exposición.	1º trimestre	Actividade non desenvolvida.
	Organización dunha viaxe a Portugal para o alumnado de portugués e/ou integrantes do ENDL do segundo ciclo de ESO e Bacharelatos.	1º trimestre	Actividade frustrada no último momento, cando xa os pasos necesarios estaban dados.
	Convocatoria dun concurso de postais de Nadal, normalizadas.	1º trimestre	Actividade desenvolvida.
	Realización dun tríptico que recolla as ferramentas terminolóxicas que poidan ser de utilidade para o profesorado, alumnado, persoal non docente e mesmo pais/nais. O tríptico incluírá dicionarios na rede, tradutores, buscadores de terminoloxía... De for posible, tratar de ofrecer esa información nun CD doadamente executable.	1º trimestre	Actividade só bosquexada.
	Realización dun tríptico con recursos en galego na rede para a mocidade.	1º trimestre	Actividade realizada.
	Organización de charlas e debates sobre o proceso normalizador e sobre a situación lingüística na actualidade, dirixidas aos catro sectores da comunidade educativa, particularmente ao alumnado e aos pais e nais, e facendo especial fincapé na situación	2º trimestre	Actividade realizada desde o seo do SNL Terra de Melide.

	do idioma entre a mocidade.		
	Realización dun cuestionario socio-lingüístico entre os alumnos e alumnas de 1º de ESO, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, coa finalidade de inferir datos sobre o papel do centro na práctica lingüística.	2º trimestre	Actividade desenvolvida. Os resultados serán analizados a comezo do curso próximo.
	Convocatoria dun concurso de ilustración de relatos da nosa literatura e de relatos orixinais do alumnado escritos en lingua galega.	2º trimestre	Actividade non desenvolvida.
	Organización de charlas e conferencias coa presenza dos novos narradores/as galegos.	2º trimestre	Desenvolvéronse algunhas destas charlas, tratando de cubrir con elas todo o espectro de alumnado do centro.
	Organización dunha saída didáctica para o alumnado participante nas actividades do ENDL ao longo do ano. A saída incluírá unha visita aos estudos dunha radio comercial, para asistir á emisión dun programa en directo, e a un xornal.	2º trimestre	A saída desenvolveuse, pero non incluíu a visita programada á radio comercial. O número de candidatos/as a participar nesta saída didáctica fixo necesaria unha selección previa.
	Convocatoria dun concurso de carteis e lema alusivos ao uso da lingua.	2º trimestre	Actividade desenvolvida sen grande éxito no presente curso escolar.
	Convocatoria dun concurso de cartas de amor coincidindo co día do amor, o 2 de febreiro, Día da Candeloria.	2º trimestre	Actividade desenvolvida.
	Realización dunha campaña interna no centro de animación e concienciación sobre o uso da lingua coa impresión do lema en material propagandístico (adhesivos, estoxos, mochilas...).	2º trimestre	Actividade non desenvolvida.
	Articulación dunha nova liña de contactos e actuacións conxuntas con aquelas entidades locais – asociacións culturais e políticas, nomeadamente- que contemplan entre os seus obxectivos a normalización do idioma.	2º trimestre	Como queda reflectido, é un logro evidente a articulación dunha entidade comarcal coa cuestión normalizadora como razón de ser. Pode considerarse na actualidade un proxecto xa en vías de consolidación.
	Realización , en colaboración cos Departamentos de Economía e Orientación, da charla dirixida ao alumnado de 4º da ESO " A lingua e a empresa", a cargo de María Xosé Curros, integrante d'A Mesa pola Normalización Lingüística, co obxectivo de demostrar que o galego	2º trimestre	Actividade non desenvolvida, por ser demasiado concreta na súa formulación (a maior concreción, máis dificultade para conseguir que todas as circunstancias necesarias conflúan).

	serve para traballar dentro da empresa en Galicia.		
	Realización, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura, da charla "Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa", impartida por integrantes d'A Mesa pola Normalización, co obxectivo de tratar de abrir as portas do mundo lusófono aos membros da comunidade educativa do IES Melide.	2º trimestre	Id.
	Realización dunha charla dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato impartida por Isabel Vaquero, técnica do Servizo de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela, sobre os usos do galego na Universidade, as comisións de normalización das diferentes Facultades e o traballo do servizo de normalización da universidade compostelá.	2º trimestre	Id.
	Organización, en colaboración con diferentes entidades da comarca, dun acto que dea a coñecer a figura de Ramón Rodríguez Varela, <i>Curuxás</i> , o último guerrilleiro da comarca.	2º trimestre	Actividade xa desenvolvida en anos previos. Nos primeiros meses do vindeiro curso contarase no centro coa presenza do historiador que realizou a biografía do guerrilleiro e inaugurárase oficialmente a aula do centro que leva o seu nome.
	Organización, en colaboración coas editoriais, e en coordinación con outras institucións do Concello – nomeadamente coas librerías- de exposicións de libros coincidindo coa Semana das Letras.	3º trimestre	Actividade non desenvolvida.
	Convocatoria dun concurso literario coincidindo coa Semana das Letras entre os alumnos e as alumnas. O concurso incluírá tamén unha sección especial dedicada á investigación sobre a lingua ou a literatura.	3º trimestre	Actividade realizada, cun éxito limitado.
	Divulgación da figura e da obra de Ramón Piñeiro, autor a quen foi dedicado o Día das Letras 2009.	3º trimestre	Actividade desenvolvida, a través do SNL Terra de Melide, coa edición dun tríptico que chegou a todos os centros e a todos os concellos da comarca.
	Organización dun espectáculo musical ou teatral dun grupo galego.	3º trimestre	Actividade non desenvolvida.
	Convocatoria dunha nova edición dos "Premios anuais	3º trimestre	Actividade non desenvolvida, pero non desestimada para vindeiros

	laranxa e limón do Equipo de Normalización", para premiar –ou castigar- aquelas actuacións, individuais ou colectivas, destacables no que á problemática e á normalización da lingua se refire.		cursos.
	Convocatoria dun concurso de <i>Manifestos en defensa da lingua</i> .	3º trimestre	Actividade desenvolvida.
	Edición dos folletos titulados <i>As palabras da Física e As palabras da Química</i> , como apoio para a galeguización das actividades lectivas do Departamento de Física e Química.	3º trimestre	Actividade non realizada.
	Edición do folleto titulado <i>As palabra da Matemática</i> , como apoio para a galeguización das actividades lectivas do Departamento de Matemáticas.	3º trimestre	Rematouse a confección do primeiro dos folletos da serie, aínda pendente de edición.
	Organización do <i>Corremelide</i> , carreira en defensa da lingua.	3º trimestre	Actividade desenvolvida.
	Organización de actividades, dirixidas ao alumnado de primeiro ciclo de ESO, con presenza de contacontos.	3º trimestre	Actividade non realizada no presente curso académico.

2. Sobre os obxectivos.

Unha valoración sintética do grao actual de consecución dos obxectivos que o ENDL do IES Melide ten deseñados a longo prazo, podería ser a seguinte:

Divulgar os datos máis destacados que se desprenden dos estudos realizados nos últimos anos sobre a realidade lingüística de Galicia, en xeral, e da Terra de Melide, en particular, desde a perspectiva de que só a análise da realidade pode provocar unha implicación decidida dos integrantes da comunidade educativa do IES Melide na cuestión normalizadora.	<i>Os últimos datos dos que dispoñemos, precisamente pola súa crueza, foron profusamente difundidos entre a comunidade educativa, existindo debate, en diferentes foros, sobre eles.</i>
Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual en calquera circunstancia.	<i>Pode afirmarse que é un obxectivo practicamente conseguido xa desde cursos precedentes.</i>
Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.	<i>Se ben se trata dun obxectivo xa avanzado nos cursos precedentes, o seu grao de consecución é tamén satisfactorio.</i>
Contribuír á normalización cultural das distintas materias	<i>Téndose dado algúns pasos, o certo é que se</i>

do currículo de ESO, de Bacharelato e dos Ciclos Formativos impartidos no Centro.	<i>trata dun obxectivo a longo prazo, que debe afrontar tres circunstancias adversas: as propias disposicións oficiais (alleas de máis á realidade galega), a formación do profesorado e a pouca oferta de material didáctico apropiado.</i>
Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.	<i>Dadas as iniciativas emanadas doutros órganos do centro, pode afirmarse que neste obxectivo avanzouse dun xeito decidido durante o presente curso escolar, igual que tiña sucedido xa durante o curso previo.</i>
Provocar que o alumnado do centro escoite música galega, dando publicidade ás novidades musicais dos diferentes solistas e grupos galegos que aparezan no mercado.	<i>As iniciativas emanadas do Centro afortunadamente contaron coa axuda inestimable dos medios de comunicación galegos. Non se trata xa dun obxectivo utópico pois é habitual escoitar aos novos artistas galegos calquera día do ano no Centro. As recentes novas que nos chegan dos medios públicos galegos de comunicación, porén, fan temer que esta realidade mude.</i>
Pular pola normalización lingüística e cultural do contorno, alí ata onde a acción emanada desde o centro teña capacidade de influencia.	<i>Como queda referido, o Servizo de Normalización Lingüística e Cultural da Terra de Melide, no que participa o Centro, é xa unha realidade que debe dar os seus froitos nos vindeiros anos a través da posta en marcha do Plan de Normalización da Terra de Melide, xa bosquexado.</i>
Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.	<i>A ausencia de material didáctico e de divulgación (alén dos propios medios de comunicación) fai que os pasos dados de cara á consecución deste obxectivo sexan, ano a ano, modestos.</i>
Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.	<i>Obxectivo, cun demorado desenvolvemento tamén no tempo, só parcialmente conseguido ata o momento.</i>
Divulgar a normativa oficial, tanto estatal como autonómica, a respecto da toponimia galega entre institucións, entes autónomos, empresas de comunicación de masas, etc, incidindo no respecto que deben ás únicas formas legais e correctas dos nomes dos accidentes xeográficos, dos lugares, das vilas, e das cidades, así como dos nomes das persoas, evitando toda posible tradución.	<i>Desenvolvéronse algunhas iniciativas ao respecto. Como queda referido, son particularmente os nomes de persoa o obxectivo das accións inmediatas do ENDL neste sentido, toda vez que a toponimia non semella especialmente ameazada, aínda que si se fai necesario deseñar proxectos de cara á recuperación da microtoponimia.</i>
Coñecer máis e mellor Galicia e a comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais, o himno, as árbores, as parroquias, veciños/as destacados da Terra de Melide, mulleres importantes na historia de Galicia, etc., desde o firme convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.	<i>Realizáronse un certo número de actividades con este fin, pero semella que deberá ser desde o seo do Servizo de Normalización comarcal desde onde se deseñen actividades neste sentido nos vindeiros cursos.</i>

3. Outros datos.

Algúns datos que poden dar idea do funcionamento interno do Equipo de Normalización Lingüística do IES Melide ao longo do curso 2008-2009 son os seguintes:

Integrantes activos:

Profesorado: 41 membros.

Alumnado: Uns 250 participantes nos diferentes proxectos.

Persoal Non Docente: 1 membro activo e outras persoas implicadas.

Páxina web onde poden atoparse referencias de algunhas actividades desenvolvidas polo ENDL: <http://centros.edu.xunta.es/iesdemelide/>

Grupos de traballo estables:

Grupo "**Lugrís Freire**": Boletín *Dálle á lingua*.

Grupo "**Alexandre Bóveda**": Campañas.

Grupo "**Curros Enríquez**": Revista *Intres*.

Grupo "**Afonso Castelao**": Deseño de material.

Grupo "**Afonso Eáns**": Taboleiro da lingua.

Grupo "**Manuel Díaz**": Teatro.

FALAMELIDE RADIO: Emisora de radio.

FALAMELIDE TV: Emisora de televisión.

4. Unha valoración global.

Ao falarmos dos resultados acadados coa sucesión de actividades que se sinalaron ata aquí, a primeira valoración que cómpre facer é que aquela primeira meta planeada no principio de curso, referente á creación dunha dinámica participativa e dunha preocupación xeneralizada entre os membros da comunidade educativa sobre o futuro do idioma, foi cando menos parcialmente

conseguida. En efecto, ao longo de todo o curso foi identificable en certa medida no Centro esta dinámica, na que se deixaba ver unha intención normalizadora permanente.

En relación cos obxectivos deseñados a principio de curso, debe ser feito notar que, non estando –nin sendo esa a intención tan sequera- conseguidos na súa totalidade, si se deron pasos na consecución dos mesmos. Ao tratarse de obxectivos amplos, dificilmente alcanzables ao longo dun curso escolar, eses mesmos obxectivos serán propostos ao novo Equipo de Normalización para a continuación da mesma liña de traballo que se veu mantendo ata o de agora.

Por outra parte, e tendo en conta o manifestado no Proxecto de Normalización e Cultural do Centro, todas as iniciativas postas en marcha desde o Equipo foron levadas a cabo tratando de evitar calquera tipo de enfrontamento cos distintos sectores da comunidade educativa. Tendo esta circunstancia freado, con seguridade, algunha iniciativa de interese, porén debe ser valorada na súa globalidade como positiva de cara á normalización lingüística do Centro a longo prazo.

Como queda dito, a colaboración nas actividades do Equipo foi numerosa, destacando o elevado número de membros do sector do profesorado que participou na súa organización desde dentro do Equipo, igual que o alumnado, en todo caso superior ao estipulado oficialmente.

No tocante ás actividades de desenvolvemento continuado -**Falamelide**, elaboración da revista **Intres**, o **Taboleiro da Lingua...**- a participación, sendo constante por parte dun certo número de alumnos e alumnas, foi desigual ao longo do ano, diminuindo fundamentalmente cando se achegaban as datas das avaliacións académicas. Con todo, os seus resultados deben ser considerados satisfactorios e deben plasmarse en novas realizacións –con máis medios- ao longo do vindeiro curso.

No que fai referencia a actividades puntuais –certames...- a participación foi, en xeral, máis reducida. Con todo, é opinión do Equipo que este tipo de actividades debe ser mantido -nomeadamente as conferencias e os certames de diversa índole-

baixo a perspectiva de iren destinadas a un público máis reducido que as actividades máis globais e permanentes.

A respecto singularmente do profesorado do Centro, en xeral a súa participación foi activa e numerosa na maior parte das ocasións e, en todo caso, cómpre salientar o respecto que mereceron as iniciativas do Equipo entre aqueles sectores do mesmo non especialmente proclives á normalización do idioma.

Finalmente, deben tamén terse en conta as circunstancias nas que se desenvolve a actividade do Centro, sobre todo aquelas que fan referencia ao excesivo número de persoas que acoden a el día a día, á existencia de períodos de lecer diferentes para uns alumnos/as e outros/as e, en fin, á excesiva presión coa que se leva a cabo o traballo ordinario. Iso provoca que non existan os suficientes espazos –físicos e de tempo- para crear e desenvolver proxectos de colectivos, uns proxectos que, sen dúbida, se tornan como o único camiño para provocar a integración –entendida esta en calquera dos seus sentidos máis plenos- nun grande proxecto de colectivo que debe ser a vida ordinaria no centro.

Os últimos tempos, antes ao contrario, parecen vir marcados por un illamento cada vez maior dos diferentes sectores da comunidade educativa e por unha progresiva *especialización* na estrita actividade académica, unha actividade posiblemente central nunha institución escolar, pero non a única nin talvez tan sequera a máis transcendente desde unha óptica educativa plena. O feito de que durante este curso o IES Melide só fose quen, por segundo ano consecutivo, de editar un dos dous números previstos do seu voceiro *Intres* parece indicar que cómpre reconducir un camiño que semella desprenderse aos poucos do seu máis profundo sentido participativo e, en consecuencia, integrador.

Melide, 30 de xuño de 2009

Vº e P.

A DIRECTORA

Asdo.:
Coordinador

Asdo.:

OUTRAS MEMORIAS PARCIAIS REFERIDAS AO ENDL INCLUÍDAS EN DOCUMENTOS XERAIS DO CENTRO

- **Obradoiro de Prensa:** Durante o curso 2008-09 levouse a cabo o taller de prensa coa publicación dun número da revista *Intres* e dous boletíns *Dálle á Lingua*. Ambas publicacións aparecen reflectidas na memoria do ENDL.

Por segundo ano consecutivo, neste curso publicouse un só número da revista *Intres* coincidindo co mes de xuño. Mantívose o formato das revistas anteriores, artigos clasificados por seccións, se ben neste curso abundou a creación literaria, potenciada dende as aulas de literatura.

Dado que na súa orixe, nos anos oitenta, *Intres* xurdira como ferramenta normalizadora da lingua, pareceu oportuno volver recuperar esta funcionalidade primaria da revista, ante as circunstancias que está a sufrir o idioma no ámbito do ensino.

- **Intres nº 53, xuño de 2009:** Este número fai homenaxe na súa portada a Ramón Piñeiro, a quen se lle dedicou este ano o Día das Letras. A revista ábrese co artigo "Mollándonos pola lingua", asinado polo ENDL do centro, no que a modo de editorial o equipo de redacción se posiciona en defensa do idioma.

Ademais das seccións monográficas de cada número, destaca a sección de creación e banda deseñada pola calidade dos traballos presentados, que en moitos casos reflicten o bo facer do profesorado na aula.

O número contou con 88 páxinas, incluídas as cubertas. Seguindo a dinámica dos últimos anos de difundir artistas galegos na revista, escolléronse pinturas de Urbano Lugrís para o groso das ilustracións.

Este número está editado en soporte dixital na páxina web do Centro, <http://centros.edu.xunta.es/iesdemelide/> e no blog da Biblioteca, *Biblomelide*, <http://www.biblomelide.blogspot.com/>

Igual que en anos anteriores, esta actividade valórase positivamente, xa que arredor do 95 % do contido da revista corre a cargo do alumnado. A pesar disto, nos dous últimos anos, o profesorado encargado está a observar como diminuíu

sensiblemente o número de colaboradores habituais así como o volume de artigos entregados para a súa publicación. Este descenso pode deberse, entre outros factores, ao xurdimento doutros formatos e soportes, como blogs, que fan posible unha maior inmediatez e espontaneidade nas publicacións.

De cara a unha continuidade nos próximos cursos, cómpre facer un replaneamento da revista, para tentar que siga sendo o medio de comunicación activo e voceiro do centro que sempre foi.

- **Emisora de radio: FALAMELIDE, A RADIO NATURAL.** O proxecto da emisora do centro, FALAMELIDE, desenvolveuse ao longo do curso seguindo as pautas de traballo de anos anteriores: gravacións o luns (1º ciclo de ESO), e mércores (2º ciclo de ESO e Bacharelato), de 16:00 a 18:00 horas. En total graváronse vinte e unha emisións de aproximadamente hora e quince minutos de duración cada unha delas.

Realizáronse as seguintes emisións: Luns de 20:00 a 21:30, martes de 8.00 a 9.30, mércores de 12.00 a 13.30, xoves de 15.30 a 17.00, venres de 00:00 a 1:30, e sábados de 11.00 a 12.30 horas (houbo semanas nas que se repetiu algunha emisión). A emisora foi utilizada como recurso de aula en diferentes materias, especialmente en Francés, en Ética, no Ámbito Sociolingüístico do PDC, en Literatura Galega do Século XX de 2º BAC, en Inglés, e na materia de Música.

Paralelamente, as emisións foron *colgadas* na páxina web do Centro, onde están a disposición de quen as queira escoitar en calquera momento.

Finalmente, debe ser referido que a propia emisora participou en diferentes actividades organizadas desde o Centro, como foi o caso do Mercado realizado polos alumnos de 1º ESO, prestando os seus medios técnicos e humanos para realizar gravacións.

No comezo de curso, convocáronse tres concursos referidos á radio, a creación dun cartel publicitario, dun adhesivo publicitario e dunha cuña.

Tamén se intentou que todo o persoal traballador do centro pasase pola emisora gravar unha pequena cuña, coa intención que tamén tivesen unha experiencia

radiofónica. Algo máis da metade do persoal pasou, en efecto, polo estudo de gravación.

PROGRAMAS 2008-2009

	TÍTULO DO PROGRAMA	CONTIDO	NÚM. PROG.
1	RADIODEPORTES	ACTUALIDADE DEPORTIVA CENTRÁNDOSE FUNDAMENTALMENTE NO FÚTBOL, BALONCESTO E F1	2
2	TÍRALLE DO FREO	MAGAZINE QUE ELIXE CADA SEMANA UN TEMA DIFERENTE	10
3	CARIOSIDADES CURIOSAS	PROGRAMA COLOQUIO QUE NOS INFORMA DAS COUSAS MÁIS INSOSPEITADAS QUE SUCEDEN E SE PODEN ATOPAR NO MUNDO	9
4	MELIDE DIRECTO	ENTREVISTAS E HOMENAXES A PERSOAS DESTACADAS DA TERRA DE MELIDE	1
5	AS FANTÁSTICAS	MAGAZINE CON DEBATE SOBRE TEMAS DE ACTUALIDADE SOCIAL	2
6	CAMIÑOS MUSICAIS	PROGRAMA MUSICAL QUE PERCORRE A HISTORIA DA MÚSICA POP ROCK POR DÉCADAS E PAÍSES	16
7	SPORTMANIA	DEPORTES COTÍANS E DEPORTES INSOSPEITADOS	2
8	MELIDE SPORT	INFORMATIVO DEPORTIVO DA TERRA DE MELIDE	15
9	QUE CORRA A VOZ	MAGAZINE DE ACTUALIDADE	2
10	VIAXA CON NÓS	PROGRAMA MUSICAL ARREDOR DAS DIFERENTES CULTURAS MUSICAIS DO MUNDO	1
11	GOTAS DE AUGA DOCE	RADIONOVELA	15
12	RADIOANIMAIS	PROGRAMA QUE NOS ACHEGA CADA SEMANA UN ANIMALIÑO DIFERENTE	12
13	A 2ª XERACIÓN	MAGAZINE COS COTILLEOS MÁIS INTERESANTES DA TV, ENTREVISTAS A PERSOAS DE MELIDE...	18
14	POETÍZATE	PROGRAMA SOBRE A LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX	3
15	MICRORELATOS/ MICROPOEMAS	RELATOS ORIXINAIS E DE AUTOR CON MÚSICA	20
16	ESTÁ PASANDO	INFORMATIVO QUE RECOLLE TODO O QUE PASA NO CENTRO.	29
17	TRABOADA CLÁSICA	MONOGRÁFICOS SOBRE PERSOAS DESTACADAS NO EIDO DA MÚSICA CLÁSICA	14
18	DJ POR UN DÍA	PROGRAMA MUSICAL. EN CADA PROGRAMA UN ALUMNO DO IES PON E PRESENTA A SÚA MÚSICA FAVORITA	14
19	TRABALINGÜÍSTICOS	RECITADO DE TRABALINGUAS POPULARES, A ÚLTIMA FASE FORON TRABALINGUAS EN INGLÉS.	27
20	ENTÉRATE	3ª EDICIÓN DUN PROGRAMA MAGAZINE	5
21	SAFT	PROGRAMA EN DIRECTO, CON CHAMADAS E SMS INSTANTÁNEAS	1
22	C'EST LA VIE	FRASES, REFRÁNS, CHISTES... EN FRANCÉS, QUE SON TRADUCIDAS TAMÉN AO GALEGO POLOS ALUMNOS.	7
23	INVENTOLARIUM	COMO SE INVENTARON/DESCUBRIRON AS COUSAS NA HISTORIA DA HUMANIDADE.	9
24	PERCORRENDO CAMIÑOS	PROGRAMA DE TURISMO INTERNACIONAL.	2
25	CARALLADA	PROGRAMA DE HUMOR E RETRANCA.	9
26	VIDAS CURIOSAS	PROGRAMA REALIZADO POLOS ALUMNOS DO PDC NO QUE RELATAN O MÁIS SINGULAR DE PERSONAXES FAMOSAS.	4
27	O MUNDO DA MÚSICA	PROGRAMA QUE NOS PRESENTA A TRAVÉS DAS AUDICIÓNS OS DIFERENTES INSTRUMENTOS MUSICAIS.	2
28	TODO MAGAZINE	MÚSICA DAS BSO MÁIS COÑECIDAS	8
29	OS TRENCHAS	ALUMNOS DO CICLO DE MADEIRA ACHÉGANNOS AN ESTE MUNDO.	4
30	PEPE POUCASORTE	RELATOS ORIXINAIS ARREDOR DA FIGURA DE PEPE POUCA SORTE	3
31	PROGRAMAS ESPECIAIS	DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DIAS DAS LETRAS GALEGAS, O APALPADOR, DIA DA MULLER, DIA DO TRABALLO....	6

32	DEBATE CON NÓS	PROGRAMA DE DEBATE, NON TANTO SOBRE A ACTUALIDADE SENÓN SOBRE A VIDA MESMA	1
32	GRAVACIÓNS SOLTAS	RELATOS, CONTOS MUSICADOS, HISTORIAS...	5

Ainda que a emisora está concibida como un proxecto continuado (en moitos casos de anos), conséntase que no curso que remata cando menos Falamelide...

- Contribuíu á normalización do propio centro e do contorno.
- Achegou ao alumnado un medio de comunicación, coa finalidade de coñecelo e de participar activamente no seu funcionamento.
- Provocou a consolidación dun novo campo, menos constrinxido que a aula, de relación entre alumnado e profesorado, favorecendo un clima de traballo rexido pola liberdade e a responsabilidade.
- Favoreceu o traballo en equipo entre o alumnado, baixo as mesmas premisas de liberdade e responsabilidade.
- Fomentou a creatividade e a imaxinación.
- Procurou un medio para lograr a desinhibición e facilitar a comunicación.
- Converteuse nun medio didáctico máis, que se ofrece ao profesorado do centro no desenvolvemento das súas actividades académicas, constituíndose como:
 - Un obradoiro de lingua: redacción de guións, traballos de investigación, locución...
 - Un medio para facer chegar ao contorno os traballos de investigación levados a cabo por áreas como a xeografía e historia, as ciencias naturais... e para desenvolver contidos doutras materias como a música, idiomas estranxeiros, literatura, actividades de estudo, ciencias sociais, cultura clásica...

A pesar de se ter consolidado como un importante instrumento didáctico ao longo destes anos, cómpre deseñar estratexias de cara ao curso vindeiro para tratar de constituír e de facer estables no tempo grupos de traballo entre o alumnado independentes, para xestionar e manter viva Falamelide.

Debe ser considerada moi positiva a incorporación de profesorado novo –chegado ao centro neste último curso académico- á xestión e dinamización de Falamelide.

- **Obradoiro de xogos populares:** Igual que nos cursos anteriores, o alumnado tiveron á súa disposición unha serie de xogos tradicionais (peóns, aros, cordas...) e campos pintados no exterior, que se poden empregar no tempo de lecer (recreos principalmente) e en actividades puntuais como o Nadal, Entroido ou o *Corremelide*.

Especificamente, en novembro organizouse o *Día do Peón*, actividade proposta por Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional. Convocouse ao alumnado no patio coincidindo cos recreos nos días previos para a práctica do xogo e fíxose unha demostración do xogo na Praza do Concello. Algúns rapaces trouxeron o seu peón “preparado e tuneado” da casa. O instituto agasallou con 100 peóns aos primeiros alumnos/as en acudir á cita.

No mes de maio, unha representación do centro formada por medio cento de alumnos e seis profesores acudiu ao IV Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais celebrado en Silleda, sendo o único IES presente no evento.

No presente curso escolar avanzouse no repintado das *canchas* de xogos tradicionais no patio do Centro. Queda pendente para cursos posteriores a mellora e delimitación dos espazos de xogo, así como a dinamización e optimización do “Armario dos Xogos populares”.

DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN

Material impreso en papel:

- Convocatoria do Certame Literario.
- Un exemplar dun dos almanaques de aula editados.
- Tríptico coas actividades dun intercambio co IES "Porta da Auga", de Ribadeo.
- Convocatoria do Concurso de Carteis e Lema.
- Convocatoria do Certame de Teatro.
- Almanaque editado polo ENDL.
- Exemplar do Boletín *Dálle á lingua* correspondente ao mes de decembro.
- Exemplar do Boletín *Dálle á lingua* correspondente ao mes de xuño.
- Tríptico editado con motivo do Día das Letras.
- Impreso para realizar as probas de avaliación: "A proba en galego, aproba en galego".
- Un exemplar do número editado da revista **INTRES**, voceiro do Centro.

Material en soporte informático:

- Unha das emisións de **FALAMELIDE RADIO**.
- Algunhas mostras dos espazos emitidos por **FALAMELIDE TV**.
- O boletín **A LINGUA GALEGA, LINGUA DE FUTURO**, editado no presente curso escolar.

Outros materiais:

- Lapis agasallado a todo o persoal do centro no Día das Letras.
- Relación de gastos e facturas orixinais correspondentes.